



PLAN DIXITAL

CEIP Noalla-Telleiro

Versión 1.0 Xuño 2022

Índice do Plan Dixital

1. <u>Introdución</u>	2
1.1. Que é o Plan Dixital de Centro?	4
1.2. O Centro Educativo (CEIP Noalla-Telleiro)	10
1.3. Características Socioeconómicas e Culturais	11
1.4. Contextualización do plan dixital no centro.	12
1.5. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro	15
1.6. Proceso de elaboración	19
2. <u>Situación de partida</u>	20
2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais	20
2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO	23
2.3. Análise DAFO	30
3. <u>Plan de Acción</u>	34
3.1. Obxectivos, indicadores e accións	34
3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas	41
4. <u>Avaliación do PD</u>	43
5. <u>Difusión do PD</u>	44
6. <u>Siglas</u>	45
ANEXOS	

1 Introdución

Dende fai xa uns anos, a nosa sociedade está asistindo a unha revolución tecnolóxica que sen dúbida algunha inflúe, modifica e transforma tódolos aspectos das nosas vidas, tanto sociais como laborais, persoais e como non, educativos.

A revolución dixital se presenta no ámbito educativo como unha oportunidade e ao mesmo tempo como un desafío, de aí que os actuais sistemas educativos deban aproveitar as novas tecnoloxías dixitais para formar ós seus estudantes a convivir con elas; algo que deberán facer dende a máis estrita igualdade social, mellorando así a preparación dos estudantes para integrarse nun mundo laboral no que as habilidades dixitais básicas son xa un requisito indispensable.

Dende a Comisión Europea se recoñece a necesidade dunha transformación nos sistemas de educación e formación que garantan a adquisición de competencias dixitais que permitan aproveitar as vantaxes que ofrecen as tecnoloxías.

En España, acábbase de lanzar a **Axenda Dixital 2025**, que considera ó ámbito educativo como unha das pancas fundamentais para, a través das oportunidades que brindan as tecnoloxías, promover o crecemento económico, reducir a desigualdade e aumentar a produtividade. Dita transformación dixital da educación vai necesariamente acompañada da mellora da **Competencia Dixital Educativa** (CDE), o que supón unha transformación pedagóxica que pon o dixital ao servizo da ensinanza, o aprendizaxe e a súa avaliación.

A transformación dixital do sistema educativo e dos procesos de ensinanza e aprendizaxe con medios dixitais debe abordarse desde o propio centro no seu conxunto, procurando dar resposta ás necesidades e ás demandas da sociedade e do mercado laboral, formando cidadáns coas competencias necesarias para desenvolverse nun entorno dixitalizado, para o cal deberán revisar as súas estratexias para así mellorar a súa capacidade de promover a innovación e sacarlle o máximo partido das tecnoloxías da información e comunicación, así como dos recursos educativos dixitais.

Para que dita transformación sexa efectiva, será necesario que as administracións educativas centren os apoios en aspectos como: a mellora da dotación de dispositivos, o soporte e o apoio para a posta en marcha e a solución de incidencias coa dotación, as plataformas e as ferramentas de comunicación dixital dispoñibles para a ensinanza a distancia, o apoio ós docentes e ó alumnado nas capacidades para desenvolverse cos seus dispositivos, e o apoio na avaliación formativa con medios dixitais a través dunha ferramenta que empregue a intelixencia artificial e que apoie ós docentes.

Así mesmo, será necesario abordar tódolos campos de acción da CDE que, non só inclúe a competencia do alumnado e do profesorado, senón que tamén centra as súas accións no propio centro educativo; todo iso adecuadamente integrado no PEC de cada centro. E para determinar que formación é necesaria para a capacitación en competencia dixital, é necesario dispor dun marco común de referencia que especifique indicadores avaliáveis para cada área de competencia dixital.

A proposta máis recente e xerada pola UE a través do JRC, é a versión 2.1 do **Marco Europeo de Competencias Dixitais** (DigComp). Trátase dun marco detallado para o desenvolvemento da competencia dixital dos cidadáns en Europa, que proporciona a descrición de tódalas habilidades necesarias para ser competente en entornas dixitais e as describe en termos de coñecementos, habilidades e actitudes, aportando diferentes niveis dentro de cada competencia. Así mesmo, desenvólvese o **portfolio da competencia dixital docente** de cara a cumprir cos obxectivos de traballo marcados previamente, e que permitirán recoñecer e acreditar o nivel de competencia dixital do profesorado, creando unha solución tecnolóxica.

Co obxectivo de que tódolos centros educativos se auto avalíen e desenvolvan o seu **Plan Dixital de Centro** (PDC) que dé resposta ás súas características e necesidades específicas, tomarase como referencia o **Marco Europeo de Organizacións Educativas Dixitalmente Compotentes** (DigCompOrg) e a ferramenta asociada **SELFIE**, alcanzando de forma gradual e segundo o propio punto de partida de cada centro, o máximo grado de desenvolvemento da competencia dixital.

1.1. Qué é o Plan Dixital de Centro (PDC)?

O **PDC** é un instrumento de planificación que fundamentalmente persegue o desenvolvemento do tratamento da información, a competencia dixital e a integración das TICs como ferramenta didáctica nos procesos de ensinanza-aprendizaxe.

De acordo coa guía de elaboración do Plan Dixital do INTEF, o PDC será o instrumento que adecúe e facilite o emprego dos medios dixitais no proceso de ensinanza-aprendizaxe (do desenvolvemento pleno e integral do alumnado), polo que é necesario dar un enfoque de centro ó uso dos recursos pedagóxicos dixitais, aproveitando as posibilidades e recursos dispoñibles, de xeito que se converta nun proxecto compartido para os membros da comunidade educativa, que dé coherencia e guíe o emprego das tecnoloxías, converténdose nun instrumento que formará parte do Proxecto Educativo do Centro, do Proxecto de Dirección e da Programación Xeral Anual.

No PDC recolleranse os acordos alcanzados no centro con respecto ós obxectivos xerais do plan, as estratexias de dinamización e xestión dos recursos tecnolóxicos e a inclusión das TIC nas diferentes concrecións curriculares; é dicir, supón un compromiso por parte de toda a comunidade educativa; cada un, na medida das súas posibilidades e o seu nivel de formación.

Para conseguir unha transformación dixital da educación, o **Ministerio de Educación e Formación Profesional** (MEFP), en colaboración con outros Ministerios, está traballando nunha serie de plans e programas que perseguen impulsar a transformación tecnolóxica e dixital do sistema educativo español. Entre eles, destaca o **Plan de Dixitalización e Competencias Dixitais** (PDCD) que pretende non só mellorar a competencia dixital educativa (do alumnado, profesorado e do propio centro educativo), senón tamén reducir as brechas dixitais de uso.

Así mesmo, co PDC abordaranse os equipamentos, a transformación dos espazos, a formación e a Intelixencia Artificial no proceso de ensinanza-aprendizaxe, abordándose así as brechas dixitais de uso e acceso.

Por outra banda, crearanse tamén máis **Recursos Educativos Abertos** (REAs) en formato dixital e a oferta de metodoloxías e competencias dixitais será máis evidente, axudado así a diminuír a brecha dixital didáctico-educativa.

Segundo un recente informe técnico do **Centro Común de Investigación (JRC)**, do servizo de Ciencia e Coñecemento da Comisión Europea, lanzáronse tres comunicacións para dar resposta ós retos dos actuais sistemas educativos en Europa. Ditas comunicacións englóbanse nunha estratexia conxunta que pretende entre outras cousas, fomentar a creación do **Espazo Europeo de Educación**, o **Espazo Europeo de Investigación** e promover o **Novo Plan de Acción de Educación Dixital (2020-2027)** que promova un uso máis eficiente e inclusivo das tecnoloxías dixitais en educación e a adquisición da competencia dixital.

Como pode observarse, a dixitalización dos sistemas educativos é unha prioridade política e social no ámbito europeo, algo que se viu reforzado pola necesidade de empregar tecnoloxías dixitais ante a disrupción educativa provocada pola pandemia COVID 19.

Do mesmo xeito, a situación actual marca a necesidade de contar con centros educativos dixitalmente capaces que estean preparados para beneficiarse das tecnoloxías dixitais e ser así máis resilentes.

De acordo coas indicacións do Parlamento Europeo sobre competencias clave para a aprendizaxe permanente (Recomendación 2006/962/CE), a **competencia dixital** é unha das oito competencias clave que calquera xove debe ter desenvolvido ó finalizar a ensinanza obrigatoria para poder incorporarse á vida adulta de xeito satisfactorio e ser quen de desenvolver unha aprendizaxe permanente ó longo da súa vida; é dicir, a competencia dixital é un pre-requisito para que os estudantes poidan beneficiarse das novas posibilidades que ofrece a tecnoloxía para unha aprendizaxe máis eficaz, motivadora e inclusiva. É por iso que os estándares educativos deben incluír coñecementos e habilidades que axuden ós estudantes ó desenvolvemento das novas competencias requiridas na sociedade actual, e que se ven potenciadas pola tecnoloxía, especialmente aquelas relacionadas coa xestión do coñecemento.

Dita **Competencia Dixital do Alumnado** desenvólvese a través da **Lei Orgánica 3/2020 (LOMLOE)**, modificando á **Lei Orgánica de Educación 2/2006**. Trátase de analizar esta competencia no alumnado de tódolos niveis educativos non universitarios, de deseñar estudos e informes, así como a poñer en marcha iniciativas de formación e colaboración coas familias que promovan esta aprendizaxe.

Os actuais responsables da ensinanza teñen que ser capaces de guiarlles na súa viaxe educativa a través dos novos medios; precisan desenvolver estas competencias como unha prioridade nas súas áreas ou especialidades, asegurando así unha docencia de alta calidade; algo que converteuse nun dos obxectivos prioritarios do “**Marco Estratéxico Europeo de Educación e Formación**” (ET 2020).

O JRC, en colaboración co MEFP, a través do **Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas e de Formación do Profesorado** (INTEF) e do **Instituto Nacional de Avaliación Educativa** (INEE), levou a cabo un estudo sobre a capacidade dixital dos centros educativos españois empregando os cuestionarios da ferramenta SELFIE, cuxos resultados responden á petición dos centros educativos de ter referencias para poder interpretar dun xeito máis contextualizado e preciso os resultados do seu propio informe de centro que reciben tras realizar a enquisa e ademais permiten aportar evidencias sobre o uso das tecnoloxías nos centros educativos españois e que sen dúbida algunha servirán de referencia no deseño de políticas públicas que busquen o desenvolvemento da capacidade dixital dos centros educativos. Tódalas actividades de actualización científica, metodolóxica e de desenvolvemento profesional deseñadas polo INTEF implican, en distinto grado, o progreso e o fortalecemento desta competencia docente.

Desenvolver a competencia dixital no sistema educativo require unha correcta integración do uso das TIC nas aulas e que os docentes teñan a formación necesaria nesa competencia.

A **Competencia Dixital Docente** desenvólvese e actualízase a través do **Marco de Referencia da Competencia Dixital Docente** (MRCDD), aprobado o 14 de maio de 2020 pola Conferencia Sectorial de Educación, que en colaboración coas diferentes comunidades autónomas publicou a Resolución do 2 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Avaliación e Cooperación Territorial. Trátase dun servizo dirixido á mellora da competencia dixital do profesorado a través da autoavaliación continua e da participación en experiencias de ensinanza, aprendizaxe e formación. (O MRCDD ten como obxectivo prioritario que todo o profesorado alcance o nivel **B1** en 2023 e o nivel **B2** en 2025).



O Marco de Referencia da Competencia Dixital Docente (MRCCD), base do Portfolio da Competencia Dixital Docente (PCDD) é un instrumento dixital do INTEF para a acreditación de dita competencia dixital. O MRCCD componse de 5 áreas competenciais e 21 competencias estruturadas en niveis competenciais. Cada unha destas competencias ofrece unha descrición detallada en termos de coñecementos, capacidades e actitudes.

1

Niveis de Competencia do MRCCD

Básico	A1	Nivel de competencia dixital básica . Require apoio para desenvolver a súa competencia dixital.
	A2	Nivel de competencia dixital básica , aínda con certo nivel de autonomía. Con apoio apropiado, pode desenvolver a súa competencia dixital.
Intermedio	B1	Nivel de competencia dixital intermedia . Por si mesmo e resolvendo problemas sinxelos, pode desenvolver a súa competencia dixital.
	B2	Nivel de competencia dixital intermedia . De forma independente, respondendo ás súas necesidades e resolvendo problemas ben definidos, pode desenvolver a súa competencia dixital.
Avanzado	C1	Nivel de competencia dixital avanzada . Pode guiar a outras persoas para desenvolver a súa competencia dixital.
	C2	Nivel de competencia dixital avanzada . Respondendo ás súas necesidades e ás de outras persoas, pode desenvolver a súa competencia dixital en contextos complexos.

1 Figura 1 – Áreas do Marco de Referencia da Competencia Dixital Docente:

Área 1 – Información e Alfabetización Informacional

- 1.1. Navegación, procura e filtrado de información, datos e contidos dixitais;
- 1.2. Avaliación de información, datos e contidos dixitais
- 1.3. Almacenamento e recuperación de información, datos e contidos dixitais.

Área 2 – Comunicación e Colaboración

- 2.1. Interacción, mediante as tecnoloxías dixitais;
- 2.2. Compartir información e contidos dixitais;
- 2.3. Participación cidadá en liña;
- 2.4. Colaboración mediante canles dixitais;
- 2.5. Netiqueta e 2.6. Xestión da identidade dixital.

Área 3 – Creación de Contidos Dixitais

- 3.1. Desenvolvemento de contidos dixitais;
- 3.2. Integración e reelaboración de contidos dixitais;
- 3.3. Dereitos de autor e licencias
- 3.4. Programación.

Área 4 – Seguridade

- 4.1. Protección de dispositivos;
- 4.2. Protección de datos persoais e identidade dixital;
- 4.3. Protección da saúde e 4.4. Protección da contorna.

Área 5 – Resolución de Problemas

- 5.1. Resolución de problemas técnicos;
- 5.2. Identificación de necesidades e respostas tecnolóxicas;
- 5.3. Innovación e uso da tecnoloxía dixital de forma creativa
- 5.4. Identificación de lagos na competencia dixital.


Recentemente acábbase de publicar a tradución revisada e corrixida polo INTEF do **Marco Europeo para a Competencia Dixital dos Educadores (DigCompEdu)**, elaborado polo JRC da Comisión Europea e que da continuidade ó traballo desenvolto previamente para definir a competencia dixital da cidadanía xeral (DigComp), que serviu de base para o MRCDD aprobado pola Conferencia Sectorial de Educación o 14 de maio de 2021, e elaborar o DigCompOrg.

O obxectivo do **DigCompEdu** é proporcionar un **marco de referencia** xeral para os gobernos rexionais, as organizacións educativas, os provedores de formación profesional e os propios educadores, respondendo á crecente concienciación de moitos Estados membros de que os educadores de tódolos niveis educativos, desde a educación infantil ata a educación superior e de adultos, incluíndo a formación xeral e profesional, a atención ó alumnado con necesidades especiais e a aprendizaxe non formal, precisan dun conxunto de competencias dixitais específicas para a súa profesión, co fin de poder aproveitar o potencial das tecnoloxías dixitais para mellorar e innovar en educación.



Así mesmo, o INTEF ofrece unha oferta formativa que pretende vincular as intervencións docentes ó seu contexto, promovendo a cultura de centros educativos que aprenden e traballan dixitalmente.

As iniciativas integradas na **Competencia Dixital dos Centros Educativos** están en liña con propostas internacionais como o DigCompOrg, que ten como obxectivo desenvolver pautas que guíen ós centros para converterse en organizacións educativas dixitalmente competentes. Para iso, colabórase con institucións internacionais no pilotaxe de ferramentas de auto avaliación en liña para centros ou se desean guías de diagnóstico, como o PDC.



3

A conectividade e o equipamiento irán chegando a tódalas aulas, pero será máis complicado que haxa un suficiente nivel xeralizado de competencia dixital docente se non hai un marco común de referencia que permita a súa acreditación xeneralizada (non como algo opcional ou reservado para quenes teñan afección ás aplicacións e dispositivos informáticos) e se non se desenvolve un plan de formación coherente con unha proposta de indicadores avaliábeis que permita reforzar aquelas áreas peor atendidas.

1.2. O Centro Educativo (CEIP Noalla-Telleiro)

CEIP Noalla-Telleiro

A Lanzada, s/n
36990 (Sanxenxo)
Pontevedra
Teléf. 886 151 652



email: ceip.noalla.telleiro@edu.xunta.gal

Páxina Web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdenoalla/>

Aula Virtual: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdenoalla/aulavirtual/>

Profesorado do Centro: 14 Mestres (+ 4 compartidos)

- **Equipo Directivo:**
 - ◆ 1 **Director** (tamén especialista en **PT**)
 - ◆ 1 **Xefe de Estudos** (tamén especialista en **Música** e Titor de **Primaria**)
 - ◆ 1 **Secretario** (tamén mestre de **Ed. Infantil**)
- **Profesorado no Centro:**
 - ◆ 2 de **Infantil** (+ 1 no equipo directivo)
 - ◆ 5 de **Primaria** (+ 1 no equipo directivo)
 - ◆ 1 Especialista de **Educación Física**
 - ◆ 1 Especialista de **Inglés**
 - ◆ 2 de **Apoio** (1 de **Infantil** e 1 de **Primaria**)
- **Profesorado Compartido:**
 - ◆ 1 de **Orientación**
 - ◆ 1 de **AL**
 - ◆ 2 de **Relixión**

Alumnado do Centro: 136 Alumnos

- **Educación Infantil = 44 alumnos:**
 - ◆ 3 anos = 11 alumnos
 - ◆ 4 anos = 17 alumnos
 - ◆ 5 anos = 16 alumnos
- **Educación Primaria = 92 alumnos:**
 - ◆ 1º = 11 alumnos
 - ◆ 2º = 11 alumnos
 - ◆ 3º = 17 alumnos
 - ◆ 4º = 20 alumnos
 - ◆ 5º = 15 alumnos
 - ◆ 6º = 18 alumnos

1.3. Características Socioeconómicas e Culturais

O Ceip Noalla-Telleiro é un centro público onde se imparten ensinanzas nas etapas educativas de Infantil e Primaria.

A escola está situada nunha zona maioritariamente rural, fronte á Praia da Lanzada, na parroquia de Noalla, en Sanxenxo, e con poboación diseminada en pequenos núcleos relativamente urbanizados.

Trátase dunha zona na que o turismo está en auge e no que respecta ó ámbito familiar dos alumnos, podemos dicir que nunha porcentaxe moi alta, as nais dos nosos alumnos traballan en hoteis, bares, así coma na agricultura, no marisqueo, nas bateas...; e a maioría dos pais na construción, en bateas, son mariñeiros..., ou ben dedícanse á industria do turismo.

Tamén contamos cunha boa porcentaxe de pais emigrantes; nalgúns casos o pai só, noutros os dous proxenitores, o que implica que os nenos/as estean case sempre ao coidado doutros (nalgúns casos, de irmáns maiores, sen ter ningún referente adulto). Podemos dicir así que as vivendas do alumnado son en xeral, unifamiliares, nunha porcentaxe alta ocupadas por varias xeracións (avós/as, tíos/as...) aínda que hai moitos núcleos familiares que sobre todo no verán, convértense en vivendas de aluguer de vacacións.

A formación académica das familias presenta un nivel predominantemente de estudos básicos, en moitos casos incompletos e con escasas inquiredanzas culturais (aínda que cada ano obsérvase con menor frecuencia), aínda que hai pais que non amosan o máis mínimo interese polo proceso educativo dos seus fillos.

Tamén apréciase que moitos dos alumnos pasan demasiado tempo diante das tablets ou ordenadores (xogando a videoxogos) ou diante do televisor, vendo en moitos casos, programas que non están recomendados para as súas idades, moitas veces a horas tardías (restándolles horas de descanso), e que ademais de distorsionarlles a realidade, lles inflúen negativamente no seu proceso de formación da súa personalidade.

A zona de influencia do centro adoece de instalacións e actividades socioculturais, a excepción dun campo de fútbol e un centro veciñal; e as distintas actividades culturais levadas a cabo pola ANPA, asociación cultural, concello..., desenvólvense case na súa totalidade no propio centro educativo.

Por estas e outras causas o alumnado co que traballamos presenta características propias, como por exemplo:

- Nenos/as na súa meirande parte castelán falantes (a porcentaxe de galego falantes diminúe ano tras ano).
- Aumento (aínda que en pequena medida) do alumnado con dificultades idiomáticas, por causa do retorno de emigrantes ou da aparición de inmigrantes.
- Escaso nivel de vocabulario, debido ó pouco interese pola lectura e ó baixo nivel de estudos e cultural do entorno.
- Nenos/as con carencias de tipo afectivo: pasan pouco tempo cos seus país (ó traballar en moitos casos ámbolos dous).
- Hábitos alimentarios inadecuados en moitos casos (os nenos comen o que lles gusta, non o que necesitan), debido en parte, á causa anterior.
- País/nais que, en moitos casos non seguen o proceso educativo dos seus fillo coa atención suficiente. Neste sentido, destacar que seguen sendo maioritariamente as nais as encargadas deste cometido.
- Nenos/as en xeral, sen grandes carencias económicas.

1.4 Contextualización do Plan Dixital no centro.

No que respecta ó centro educativo, podemos dicir que o edificio escolar é un edificio monobloque de dúas plantas en forma de T que foi acometido en dúas fases; unha foi rematada no ano 1981, e a outra, dez anos despois. Na planta baixa atópanse a dirección, a secretaría, a xefatura de estudos, a sala de profesores, a biblioteca/salón de actos, a aula de PT, tres aulas de Educación Infantil, unha de psicomotricidade, comedor, aseos do alumnado e profesores e o cuarto de caldeiras. Na planta superior está a aula de informática (cos ordenadores para uso dos alumnos), o almacén de reprografía, a aula de Plástica, aulas de inglés, música, AL, e 6 aulas adicadas a Primaria, así como aseos de alumnado e profesores e despacho de orientación.

O material didáctico do centro é aceptable, se ben a nivel tecnolóxico aprécianse grandes diferenzas entre unhas aulas e outras. Case todas as aulas contan con ordenadores portátiles e canóns de proxección (só 4 delas non teñen) e a maioría delas contan con pizarra dixital (a excepción das aulas de inglés, PT, AL e dúas aulas máis) aínda que son poucos os docentes que as empregan, en moitos casos polos reiterados problemas tecnolóxicos que presentan (a maioría delas non funcionan axeitadamente).

No que respecta á Aula de Informática, esta é empregada por aqueles mestres que o desexen usar co seu grupo de alumnos, segundo un horario semanal previamente establecido. Dispón dun total de 9 ordenadores reformateados múltiples veces e con sistemas operativos obsoletos que apenas se usan pois se trouxeron dalgunhas casas de alumnos e a maioría nin funcionan ou van moi lentos, de aí que apenas se faga uso efectivo desta aula. Case todas as aulas (a excepción de dúas) teñen proxector e algunhas teñen PDI.

No tocante ás familias, todas elas contan con medios tecnolóxicos que garanten esta comunicación (ordenadores portátiles, tablets, teléfonos de última xeración, por suposto, coa súa correspondente conexión a Internet...), polo que nese sentido, sentímonos tranquilos, se ben temos ben presente que haberá algunhas familias que prefiran manterse afastadas da implicación que dita ensinanza non presencial podería ocasionar nas súas vidas.

O Equipo de Dinamización das TICs é o encargado do tratamento da información no que respecta á documentación e ó inventario das tecnoloxías presentes no centro. É o encargado da compra de novos materiais dixitais e electrónicos (sempre a expensas do orzamento do centro) e de fomentar o uso das novas TICs, promovendo unhas normas de uso, uns protocolos de actuación no tocante ás avarías; así como do mantemento e configuración dos equipos (no tocante ó software e ó hardware, sempre que se poida; do contrario, remitíndoo ó servizo técnico correspondente) así como de coordinar a transformación dixital do centro. Neste curso 2021-2022 o Equipo de Dinamización das TICs está formado polos seguintes mestres:

- Diz Iglesias, José Manuel (Coordinador de TICs e Secretario do centro)
- Gómez Serna, Mónica
- Meijón Couselo, Miguel Ángel (Director do centro)
- Piñeiro Torres, Ana Elisa
- Sanmartín Santiago, M^a Ángeles (Coordinadora do PDC)

- Vázquez Pereira, Amalia

O centro segue contando co PFPP (Plan de Formación Permanente do Profesorado). O obxectivo deste plan é o de que os mestres se involucren naqueles aspectos que máis lles interese ao centro para formarse e poder mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe dos nosos alumnos.

A pesar de que os recursos dixitais que dispón o centro son insuficientes, a maioría dos mestres está disposto a actualizarse e a facer un investimento do seu tempo libre, formándose para mellorar a súa profesión e alcanzar así as competencias dixitais e as destrezas necesarias para o desenvolvemento das TICs no centro e na aula.

Para o vindeiro curso académico comezaremos coa implantación do libro dixital no 5º curso de Primaria a través de **E-Dixgal** e tamén estamos a piques de solicitar a nosa participación en **Polos Creativos**. Así mesmo, non descartamos participar noutros proxectos dixitais que poidan aportar unha adaptación á realidade dixital na que convivimos, podendo así ofertar una educación máis acorde cos tempos nos que vivimos.

Entendemos que debemos preparar ao alumnado para integrarse nunha sociedade complexa e cambiante, e ser membros activos e responsables da mesma. Isto obríganos a recoñecer que o futuro laboral dos nosos alumnos producirase nun entorno moi competitivo, polo que debemos preparalos para afrontarse a un futuro cheo de retos, dun xeito realista, polo que debemos traballar en equipo, colaborando os uns cos outros para compartir o noso coñecemento, as mellores prácticas e as innovacións, de forma que os centros se beneficien das aprendizaxes individuais e sexamos capaces de enriquecelas e estendelas. Do mesmo xeito, debemos potenciar o espírito crítico, buscando sempre a mellora continua, a innovación, a transformación social e os novos retos, promovendo o intercambio educativo a través da mobilidade e os proxectos internacionais, de aí a importancia que ten que o noso centro teña un Plan Dixital vinculado ao Proxecto Educativo que permita garantir unha educación de calidade.

1.5 Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Os centros educativos forman parte dun mundo que non deixa de cambiar, dunha sociedade cada vez máis dixitalizada, razón de peso pola que debemos traballar para dar respostas a esas necesidades e demandas e formar así a futuros cidadáns o suficientemente competentes para desenvolverse nun entorno dixitalizado.

O emprego da tecnoloxía é un recurso clave para asegurar, entre outras cousas, a igualdade social; algo que xa recolle a **Estratexia Europa 2020** ó recoñecer a necesidade dunha transformación dos sistemas de educación e formación que garantan a adquisición de competencias dixitais.

A vertixinosa adecuación das TIC na Educación fan necesario un novo perfil docente. Non se trata unicamente de adquirir coñecementos sobre a aplicación das TIC nas distintas áreas curriculares que lle correspondan, senón que deberán seleccionarse aqueles materiais didácticos que máis se adecúen, xerando experiencias de interacción e motivación nas que o alumnado sexa o protagonista; promovendo así unha ensinanza construtiva e participa. É por iso que as novas tecnoloxías dixitais deberán servir ó docente como unha porta de acceso ó coñecemento, á colaboración e á construción do coñecemento. Empregándoas adecuadamente e de xeito interdisciplinar; tendo en conta a formación previa do seu alumnado, conseguindo que aprendan con actividades críticas e aplicativas de xeito autónomo, promovendo o seu desenvolvemento cognitivo e persoal, evitando que se convertan nuns meros receptores memorísticos de contidos que pronto esquecerán. Ó mesmo tempo, deberase ter unha competencia o suficientemente desenvolvida como para poñer en práctica novos instrumentos de avaliación.

Deste xeito, as TIC deben observarse como unha axuda á aprendizaxe a través de diferentes recursos e ferramentas ou instrumentos que farán posible que o noso centro educativo e os nosos docentes poidan ser capaces de coordinarse, organizarse e xestionar dun xeito moito máis efectivo e eficiente.

Na PXA vemos obxectivos directamente afectados pola dixitalización, como poden ser o desenvolvemento da competencia dixital do alumnado (unha das competencias clave que é preciso traballar co alumnado en educación Infantil e

Primaria), e do profesorado; convertendo o plan de dixitalización nun imprescindible.

Tamén non podemos deixar atrás a promoción das relacións coas familias, o ANPA e as institucións e organismos oficiais, establecendo canles de comunicación fluídas con eles e creando así un clima de convivencia positivo.

Aínda que a comunicación debería ser presencial, as canles dixitais demostran ser unha ferramenta imprescindible hoxe en día.

Segundo a LOMLOE, o PDC é un instrumento de planificación que deberá estar integrado no PEC co fin de desenvolver a competencia dixital da comunidade educativa, promovendo a innovación e sacando o máximo partido das tecnoloxías da información e comunicación, así coma dos recursos educativos dixitais. É dicir, a contribución do PDC ao PEC e á PXA debe verse dende a perspectiva de como pode reforzar este plan o uso adecuado das novas tecnoloxías en toda a comunidade educativa.

O PDC elaborouse coa participación de tódolos sectores da comunidade educativa, de xeito que todos puidesen saber onde estábamos, a onde se quere chegar e que folla de ruta seguir á hora de trazar un novo camiño, polo que era preciso revisar estratexias existentes para mellorar a innovación e sacar o máximo aproveitamento das TICs e dos recursos educativos dixitais.

Á causa da COVID-19, o ano pasado o centro incorporou un curso que tiña que ver co uso das Novas Tecnoloxías e coa Aula Virtual. Parécenos de suma importancia a formación nas TICs ante a situación que estamos a vivir polo que este ano, un dos itinerarios estivo relacionado co PDC, pois entendemos que o dominio e a alfabetización das TICs é mester na labor docente.

Entendemos que as posibilidades didácticas e pedagóxicas que o acceso e a xestión da información e do coñecemento nos ofrecen, conceden á competencia dixital un peso específico como eixe transversal dentro da actividade docente. Así mesmo, a natureza complexa e globalizadora desta competencia, contribúe ó desenvolvemento do resto das competencias clave, especialmente a competencia en comunicación lingüística, a competencia social e cidadá e a competencia para aprender a aprender.

Sabemos que dispor de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar a información así como para poder transformala en coñecemento é unha priorida-

de e que esta importancia das novas tecnoloxías xustifica a confección deste PDC como documento de referencia que recolla e regule todos os aspectos que engloben a transformación dixital do noso centro educativo. Podemos dicir que este terá como referente a mellora nos tres ámbito de actuación da transformación dixital educativa: no ámbito da organización e xestión do centro, no da información e a comunicación, así como no ámbito referido ós procesos de ensino-aprendizaxe.

E é por iso que este PDC tamén estará incluído na PXA do vindeiro curso 2022-2023, como consulta e referencia para toda a comunidade educativa, sempre de acordo coa xustificación legal oportuna:

- A **Lei Orgánica 2/2006**, do 3 de maio, de Educación, regula diferentes aspectos relacionados coa **competencia dixital** e a **innovación educativa**:

* **Art. 111 bis** da **LO 2/2006**, de 3 de maio de Educación: **Tecnoloxías da Información e a Comunicación**, modificado polo **Art. 69** da **LO 8/2013**, de 9 de decembro e polo **Art. 57** da **LO 3/2020**, de 29 de decembro.

1. O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte establecerá, previa consulta ás Comunidades Autónomas, os estándares que garantan a interoperabilidade entre os distintos sistemas de información empregados no Sistema Educativo Español, no marco do Esquema Nacional de Interoperabilidade previsto no artigo 42 da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadás ós Servizos Públicos. Para iso, identificaranse os tipos básicos de sistemas de información empregados polas Administracións educativas, tanto para a xestión académica e administrativa como para o soporte á aprendizaxe, e determinaranse as especificacións técnicas básicas dos mesmos e os distintos niveis de compatibilidade e seguridade no tratamento dos datos que deben acadar. Dentro destas especificacións, consideraranse especialmente relevantes as definicións dos protocolos e formatos para o intercambio de datos entre sistemas de información das Administracións educativas. Estas medidas tamén irán encamiñadas a potenciar e a facilitar o aproveitamento dos rexistros administrativos no marco das estadísticas educativas estatais, para posibilitar a ampliación da información estadística referida ó alumnado, o profesorado, os centros e as xestións educativas, o que redundará na mellora das ferramentas de análise e de seguimento da actividade educativa e das medidas de mellora da calidade do Sistema Educativo Español.
2. As contornas virtuais de aprendizaxe empregadas nos centros docentes sostidos con fondos públicos facilitarán a aplicación de plans educativos específicos deseñados polos docentes para a consecución de obxectivos concretos do currículo, e deberán contribuír á extensión do concepto de aula no tempo e no espazo. Por iso, deberán, respectando os estándares de interoperabilidade, permitir ós alumnos e alumnas o acceso, desde calquera lugar e en calquera momento, ás contornas de aprendizaxe dispoñibles nos centros docentes nos que estuden, tendo en conta os principios de accesibilidade universal e deseño para tódalas persoas e con pleno respecto ó disposto na normativa aplicable en materia de propiedade intelectual.
3. O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte establecerá, previa consulta ás Comunidades Autónomas, os formatos que deberán ser soportados polas ferramentas e sistemas de soporte á aprendizaxe no ámbito dos contidos educativos dixitais públicos, co obxecto de garantir o seu uso. con independencia da plataforma tecnolóxica na que se alberguen.
4. O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ofrecerá plataformas dixitais e tecnolóxicas de acceso a toda a comunidade educativa, que poderán incorporar recursos didácticos aportados polas Administracións educativas e outros axentes para o seu uso compartido. Os recursos deberán ser seleccionados de acordo con parámetros de calidade metodolóxica, adopción de estándares abertos e dispoñibilidade de fontes que faciliten a súa difusión, adaptación, reutilización e redistribución e serán recoñecidos como tales.
5. Promoverase o uso, por parte das Administracións educativas e os equipos directivos dos centros, das Tecnoloxías da Información e a Comunicación na aula, como medio didáctico axeitado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensinanza e aprendizaxe.
6. O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte elaborará, previa consulta ás Comunidades Autónomas, un marco común de referencia de competencia dixital docente que oriente a formación permanente do profesorado e facilite o desenvolvemento dunha cultura dixital na aula.

* **Art. 121** da **LO 2/2006**, de 3 de maio de Educación: **O proxecto educativo do centro recollerá**, entre outros aspectos, **a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis**, no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.

* **Art. 132** da **LO 2/2006**, de 3 de maio de Educación, establece como **competencias dos directores e directoras**, entre outras, exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos fins do proxecto educativo do centro; e fomentar a cualificación e formación do equipo docente, así como a investigación, a experimentación e a innovación educativa no centro.

- O Regulamento polo que se establece o **Mecanismo de Recuperación e Resiliencia do Consello Europeo** do 11 de febreiro de 2021 establece como un dos seus principais eixes a **transformación dixital na procura da excelencia, a universalidade e a equidade na educación.**

- O **Art. 83** da **LO 3/2018** de **Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais** tamén garante o **dereito á educación dixital.**

- Temos que ter en conta o indicado sobre o PDC na **disposición adicional 5ª** da **Resolución**, do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan **instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.**

- E tamén a **Resolución** do 3 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan **instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 20201-2022.**

1.6 Proceso de elaboración

A principios deste curso 2021-2022 o equipo de Dinamización do Plan Dixital do Centro quedou formado polos seguintes docentes:

- Diz Iglesias, José Manuel (Secretario do centro e Coordinador de TICs)
- Meijón Couselo, Miguel Ángel (Director do centro)
- Sanmartín Santiago, M^a Ángeles (Coordinadora do PDC)

O primeiro paso foi obter un **informe de situación real do centro**, de ahí que en decembro se pasara a enquisa a través da ferramenta **SELFIE** (ver anexo), da Comisión Europea.

En febreiro tivo lugar o **Test da Competencia Dixital Docente** (ver anexo), para obter un informe sobre a competencia dixital dos docentes do noso centro.

Cos datos obtidos, fíxose unha **análise DAFO** no que puidemos obter diferentes puntos de vista tendo en conta as fortalezas e debilidades internas e as ameazas e oportunidades externas que observamos tralos informes.

O seguinte paso foi xerar diferentes **obxectivos** para varias áreas de mellora, como pode ser na estratexia dixital, no uso de copyright e licencias de uso, no soporte técnico... (ver anexo).

O seguinte foi intentar facer un **inventario tecnolóxico**. Pola falta de tempo (coincidiu con exames finais, avaliacións, titorías, fin de curso...), non se puido facer un inventario como se desexaría (cos modelos e números de serie e rexistro dos aparellos) e iso quedará pendente para o vindeiro curso.

Finalmente, pasamos a elaborar o presente PDC.

2. Situación de partida

2.1 Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Conectividade:

Non todos os equipos están conectados en rede.

Infraestruturas de voz e de datos (conexións cableadas e sen fíos):

Non temos.

Equipamento dispoñible e identificación dos usos:

- **Aulas Dixitalizadas:**

Si pensamos que unha aula dixitalizada é unha aula autosuficiente, cos recursos tecnolóxicos necesarios para posibilitar ó alumnado o acceso á información e á comunicación que nos proporciona a rede e ós sistemas de presentación multimedia dispoñibles nestes tempos, temos que dicir que **o noso centro, actualmente, non conta con ningunha.**

- **Aula de Informática:**

A aula de informática..., ten o nome posto na porta e pouco máis. É moi anticuada, cuns ordenadores que non son suficientes para dar unha oferta adecuada a todo o alumnado. Ten un proxector e un PDI (o único que pódese dicir que ten unha certa actualidade) e uns ordenadores vellos que se trouxeron dalgunhas casas de alumnos/as e que a maioría non funcionan, polo que apenas se usan. É moi deprimente e é unha bágoa contar cun aula así, nesas condicións.

- **Proxecto E-dixgal:**

Neste curso o centro non conta con ningún proxecto E-dixgal aínda que para o próximo curso, empezaremos co 5º Curso de Primaria.

- **Uso na Biblioteca:**

A biblioteca non oferta o emprego das TICs ao alumnado pois non se lle foi concedido ningún ordenador portátil, aínda que si conta cun "recuncho" no que se poderían meter 3 ordenadores. Dende o centro confiamos que a administración poida valorar poder dotalo no vindeiro curso académico.

- Equipos para uso nas salas de profesorado e departamentos:

A sala de profesores tan só ten 3 ordenadores antigos reformateados "varias veces" con conexión a rede para "poder imprimir" nas duas fotocopiadoras/impresoras que ten o centro a disposición do profesorado. Aínda que tódolos departamentos contan con ordenadores portátiles, a maioría deles non están conectados en rede coas impresoras polo que precisan usar os ordenadores da sala de profesores e moitas veces non hai ordenadores libres, o que ocasiona grandes perdas de tempo.

- Aula móbil:

O centro non dispón deste tipo de aula.

- Dotacións para proxectos específicos:

O centro recibiu da Xunta varias pizarras dixitais cando participara no Proxecto Abalar fai varios anos. As pizarras repartíronse por varias aulas pero moitas delas ou non funcionan, ou funcionan mal, co que non se lles está a sacar o partido que se desexase delas.

A maiores, tamén participara nun proxecto de robótica e recibira unha dotación de mini robots que actualmente non funcionan e os docentes que os empregaron ou non están no centro ou non as saben arranxar.

Material didáctico-tecnolóxico:

- **Instalación Eléctrica:** A instalación eléctrica é moi antiga e de vez en cando sofre algún que outro contratempo. Neste curso, por exemplo, houbo unha subida moi forte de tensión que fixo literalmente "explotar" 3 proxectos (e a saber en qué condicións quedaron outros aparellos).
- **Software:** pese ás recomendacións de actualización, a maioría dos ordenadores teñen instalado o sistema operativo Windows 10 (aínda que hai algún con Windows 7), polo que a protección antivirus e devasa ("cortafuegos"), fundamentos principais de seguridade, atópanse inactivos.
- **Rede:** Varios ordenadores están conectados en rede (non todos). Todos contan con paquete de Libre Office, nalgúns casos, con versións moi atrasadas que convén actualizar.
- **Conexión Wifi:** Dispoñemos de conexión Wifi, con varios puntos de conexión no centro. O ancho de banda é aceptable, e a velocidade de transferencia de datos tamén é aceptable.
 - 9 CPUs (moi anticuados)
 - 9 pantallas (para CPUs) que non se actualizan dende hai máis de 5 anos.

- 9 portátiles
- 9 proxectores. Hai a lo menos 5 aulas que non teñen, factor que actúa en detrimento das actividades realizadas nesas aulas. Pese a todo, algunhas aulas non dispoñen de mando a distancia dos proxectores, tendo os mestres que subirse ás cadeiras ou ás mesas para poder premer no botón de acendido de xeito manual, podendo provocar isto un accidente serio de traballo, polo que é importante tentar solucionalo.
- 8 PDIs, aínda que 2 delas non funcionan ben e outra non se usa porque a aula non ten proxector.
- Sistema de son:
 - 10 autofalantes (moi anticuados). Na aula de inglés, aí uns pequenos altavoces que diminúen notablemente a calidade auditiva que se debería ter nunha aula que traballa esta competencia.
 - 4 baffles
 - 0 auriculares
 - 2 micrófonos
 - 1 equipo de fío musical recentemente instalado.
- 2 impresoras multifunción (unha delas a cor) e unha pequena impresora.
- 0 impresoras 3D.
- 0 Webcams.
- 0 HoloLens.
- 0 Tablets.
- 0 Smarttablets.
- 1 televisión analóxica de moi poucas pulgadas que non se usa.
- 0 cámaras de fotos.
- 1 videocámara que nin sequera graba en HD.
 - Aula de Inglés. Non ten.
 - Aula de Plástica. Non ten.
 - Aula de AL. Non ten.
 - Aula de PT. Non ten.

Servizos dixitais educativos:

- **Páxina web do centro:** <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdenoalla/>
- **Aula virtual do centro:** <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdenoalla/aulavirtual/>
- **E-Dixgal:** no vinderio curso 2022-2023 o curso de 5º de Primaria empezará a traballar coa plataforma EVA de E-Dixgal.
- **Abalarmóbil:** as comunicacións coas familias mantivéronse a través da mensaxería dispoñible na plataforma abalarmóbil.

Xestión do mantemento do equipamento do centro:

